

COMISIÓN INFORMATIVA DE IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **18 de xaneiro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 18 de xaneiro de 2018 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de dona M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
DEPUTADOS/AS:	
D. ^a M. ^a Consuelo Vispo Seara	
D. José Antonio Feijóo Alonso	
D. Antonio Montero Fernández	
D. ^a Ana M. ^a Villarino Pardo	
D. Miguel A. Cid Álvarez	
D. Vicente Gómez García	
D. ^a Isabel Gil Álvarez	
D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
SECRETARIO:	
D. Juan Marquina Fuentes	
INTERVENTORA ACCTAL.:	
D. ^a Begoña Álvarez Matos	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2017.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de novembro de 2017, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE HEMODINÁMICA 24 HORAS NO CHOU.-

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións, e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana (1) e a abstención do Grupo Popular (6) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Esixirlle á Xunta de Galicia, de maneira inmediata e ante os datos publicados no Rexistro Galego de Atención ao Infarto de Miocardio, no INE e no propio SERGAS, a implantación do servizo de Hemodinámica no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

2º.- O compromiso desta Deputación para poñer todo da súa parte á hora de reclamar a equiparación do servizo de Hemodinámica do CHUO co resto dos servizos que operan as 24 horas no noso país e garantir así o dereito dos e das ourensáns/ás a recibir atención inmediata en caso de infarto agudo de miocardio ou outro tipo de afección coronaria na área sanitaria de Ourense, sen ter que se desprazar, evitando o risco vital.

3º.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DA SITUACIÓN PROVOCADA POLO COLAPSO DE URXENCIAS DO CHUO

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, expón o contido da moción.

D.^a Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, indica, en relación co problema sanitario, que os facultativos e demais persoal que traballa na sanidade son conscientes de que por diversas razóns, non só pola xestión política, a calidade na prestación dos servizos sanitarios descendeu sensiblemente nos últimos dez anos e, na súa opinión, se podería indicar que actualmente está a un 50% da calidade e cantidade dos recursos dispoñibles hai 10 anos. Engade que é o traballo dos facultativos e demais persoal do Servizo Galego de Saúde o que suple estas carencias e que entende que xa é hora, unha vez que os anos de crise xa pasaron, para que todos os partidos e demais autores implicados recuperen o nivel de calidade na prestación dos servizos sanitarios que merecemos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Esixirlle á administración que retire o anteproxecto da lei pola que se modifica a Lei 8/2008, de saúde de Galicia, e invista na sanidade pública galega, poñendo os medios necesarios para defender o ben máis prezado que temos que é a saúde.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentaron.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, en relación co acordo adoptado nalgún dos últimos plenos sobre o pacto provincial contra a violencia machista e no que se adoptaban unha serie de medidas, solicita da presidenta saber as actuacións realizadas, xa que algunhas delas podía realizarse de forma inmediata.

A **presidenta da comisión** contesta que se empezou a traballar nesas actuacións, se ben entende que aínda non hai ningún acordo firme adoptado ao respecto. Móstrase conforme coa Sra. Rodríguez Rodríguez, en que os apartados primeiro e segundo do dito acordo se poden realizar rapidamente, polo que indica que en breve prazo se executarán.

E, ás 17.16 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan a presidenta e o secretario. Certifico.